CONCELLO
DE VIGO

Na Casa do Concello de Vigo, a vinteoito de abril de dous mil dezasete

**REUNIDAS**

Dunha parte, don Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo.

Doutra, dona María Rosario Otero Rodríguez, como presidenta da asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, con CIF nº G36928646 e enderezo social na rúa Oliva, 12 Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que figura na documentación do expediente núm. 7559- 224.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

**I.** Que desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome "Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo" formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero. As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial.

Os fins da Rede de mulleres veciñais, como contemplan os seus estatutos, son entre outros:

.- Traballar na prevención dos malos tratos
.- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario
.- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.
.- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudios e propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.

**II.** Que o Concello de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede municipal de acollemento, formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos da concellería de Igualdade a prol da igualdade de oportunidades e, máis especificamente, contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa social baixo a fórmula dun convenio de colaboración.

**III.** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 2311 4890004 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.300,00€, a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo .

**IV.** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar a realización dos proxectos da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en proceso de violencia de xénero, proxecto "Sororidade".

- Área de reincorporación psico-social, proxecto "Activas"

- Área de concienciación, prevención e denuncia social, proxecto "Visibles"

- Área de formación, proxecto "Con perspectiva de xénero"

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria "Programa actividades 2017" que se incorpora como *Anexo I* neste expediente.

**V.-** Que a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, segundo resulta da declaración responsable que forma parte deste convenio como Anexo III.

**VI.** Que a Asociación áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

**VII.** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo , o Concello de Vigo e dita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## PACTOS

### PRIMEIRO.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é apoiar á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo nas labores de acompañamento ás mulleres vítimas de violencia de xénero, no apoio á formación continua das mediadoras da Rede que realizan ditos acompañamentos así como ás xornadas informativas para a incorporación de novas integrantes voluntarias. Asemade, no marco desta subvención inclúense os proxectos que a entidade beneficiaria realizará no 2017 e que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en proceso de violencia de xénero, proxecto "Sororidade".

- Área de reincorporación psico-social, proxecto "Activas"

- Área de concienciación, prevención e denuncia social, proxecto "Visibles"

- Área de formación, proxecto "Con perspectiva de xénero"

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria "Programa actividades 2017" que se incorpora como Anexo I neste expediente.

As accións prioritarias obxecto deste convenio están dirixidas a todas as mulleres de Vigo que sofren violencia de xénero e que manifesten o seu desexo de ser axudadas pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.

Un dos obxectivos perseguidos pola Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo é o fortalecemento persoal da vítima paliando a soidade e angustia, transmitíndolles apoio e confianza, co fin de acadar a integración da muller en todos os ámbitos da vida.

**SEGUNDO.- OBRIGAS DA BENEFICIARIA**

1. A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Igualdade no marco deste convenio e dotar ás mulleres voluntarias da entidade de aqueles mecanismos sociais de apoio a vítima, para acompañar ós casos de vítima de violencia de xénero; especialmente ó colectivo de mulleres usuarias da rede municipal de acollemento: Centro de Emerxencia e vivendas de protección, xa que estas mulleres deron un paso de vital importancia para saír dunha situación de violencia e agora necesitan o máximo apoio e reforzo para superar esta difícil situación. A Rede de Mulleres Veciñais, como organización non lucrativa, comprométese ademais, co colectivo de referencia (mulleres usuarias dos dispositivos de acollemento), ampliar as súas competencias a todo tipo de acompañamentos como poden ser: consultas médicas, actividades de lecer, sociais, relacionais, comunicativas, etc.

Procederase á atención e acompañamento necesario aínda que as mulleres non sexan veciñas de Vigo nos casos derivados polo servizo municipal do Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres.

2. Derivar a todas as beneficiarias dos acompañamentos que realice a entidade beneficiaria ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CIM), servizo adscrito á Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, servizo responsable de ofrecer e garantir a información e o asesoramento social, xurídico e psicolóxico ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

3. Comunicar á Concellería de Igualdade con carácter semanal, a relación de mulleres atendidas na rede de acompañamento, indicando na comunicación: nome completo, DNI/NIE , enderezo e teléfono/s de contacto.

4. Achegar trimestralmente á Concellería de Igualdade as "Fichas individuais mensuais das destinatarias da acción" segundo modelo do Anexo IV, debidamente cubertas e asinadas pola beneficiaria, polas persoas voluntarias que realizaron os acompañamentos e pola responsable do programa na entidade.

5. Dar adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo do Concello de Vigo e a lenda "Colabora Concellería de Igualdade- Concello de Vigo" en canto material escrito e audiovisual se empregue.

É obriga da beneficiaria difundir esta colaboración en todos os actos e actividades que realice no 2017 e que se enmarquen no programa de actividades 2017 incorporado como Anexo I, incluída a paxina web, blog e redes sociais propias. Para acadar este fin deberá cumprir co estipulado na cláusula oitava "Publicidade".

6. Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin.

7. Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.

8. Garantir o dereito á confidencialidade das beneficiarias incluíndo unha cláusula de confidencialidade nas persoas que traballen ou colaboren na Asociación.

9. Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplen a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.

10. A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación Rede de Mulleres Veciñais non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.

11. As obrigas da Asociación rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

**TERCEIRO.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO**

O Concello de Vigo, pola súa parte comprométese a:

1. Aportar a documentación técnica precisa como a guía de recursos e a atención profesional especializada (psicolóxica, xurídica e social) a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

2. Conceder directamente á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, unha subvención por importe de 30.300,00€ co obxecto de coadxuvar o financiamento da colaboración no ámbito da promoción da igualdade e do tratamento contra a violencia de xénero.

**CUARTO.- COMPATIBILIDADE DA AXUDA**

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**QUINTO.- PAGAMENTO DA AXUDA**

1. O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

a) A primeira, por importe de 9.090,00€ coa firma do presente convenio, anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.

b) A segunda por importe de 10.605,00€ no mes de xuño, previa a entrega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

c) A terceira por importe de 10.605,00€ no mes de decembro previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da asociación e xustificantes orixinais de gasto do resto da subvención pendente de xustificar.

2. Antes de proceder a cada pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

3. Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**SEXTO.- SUBCONTRATACIÓN**

A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 80% do importe da actividade subvencionada.

A entidade non pode concertar con terceiros/as a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

**SÉTIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

Para o seguimento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguimento e avaliación que, presidida pola concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

- A presidenta e coordinadora da Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo ou persoas en quen deleguen.
- A xefa do servizo de Igualdade ou técnica de Igualdade na que delegue.
- Unha técnica do servizo de Igualdade.

Actuará como secretaria delegada unha das vogais da comisión que se designará para tal fin.

**OITAVO.- PUBLICIDADE**

1. Atendendo ao establecido pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa que modificou o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións o Concello de Vigo rexistrará e daralle publicidade deste convenio na BDNS e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo.

2. A beneficiaria deberá dar adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo do Concello de Vigo e a lenda "Colabora Concellería de Igualdade- Concello de Vigo" en canto

material escrito e audiovisual se empregue.

É obriga da beneficiaria difundir esta colaboración en todos os actos e actividades que realice no 2017 e que se enmarquen no programa de actividades 2017, incorporado como Anexo I a este convenio. Para acadar este fin, a beneficiaria colocará en lugar visible para o público un cartel que identifique ao Concello de Vigo e a Concellería de Igualdade e indique que o acto/actividade que se está a realizar está financiado polo Concello de Vigo. Esta difusión tamén se fará extensiva á paxina web, blog e/ou redes sociais propios da beneficiaria. A beneficiaria enviará á Concellería de Igualdade coa suficiente antelación a proposta de imaxe, texto e medidas do cartel para ser aprobado previamente polo Concello. Esta difusión da financiación municipal deberá acreditarse documentalmente na memoria semestral e anual que presente a beneficiaria (anuncios prensa, imaxes das actividades coa acreditación da colaboración municipal, capturas de pantalla da web e redes sociais, etc.)

**NOVENO.- XUSTIFICACIÓN**

**1.** Prazo: antes do 10 de decembro de 2017, a beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

**2**. A memoria xustificativa deberá conter a seguinte documentación:

a) A xustificación do gasto imputable ao programa subvencionado deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación que acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 37.300,00€ (gasto total do proxecto segundo reflicte o orzamento presentado pola entidade).

A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos, tal e como se indica no parágrafo anterior xunto cunha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos que fosen financiados coa axuda concedida nesta convocatoria acompañando as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente á contía da subvención concedida. Ademais, a entidade deberá declarar o importe, procedencia e a aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non

reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

A axuda do Concello de Vigo incluirá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, material funxible, xestoría, seguros, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das mediadoras, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2017. Anexo II.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

b) Anexo IV " Fichas individuais mensuais das destinatarias da acción". Neste anexo deberá constar todos os acompañamentos realizados ás usuarias destinatarias do programa no período subvencionado e deberá vir firmado por cada unha das destinatarias, polas persoas voluntarias que realizasen o acompañamento e conformado pola responsable do programa na entidade beneficiaria.

Este anexo entregarase con carácter trimestral na Concellería de Igualdade, cuxo persoal acusará recibo de dita documentación.

c) Unha memoria semestral e outra anual, ao remate do período subvencionable, en soporte impreso e dixital, que reflictan dun xeito cuantitativo e cualitativo todas as actividades realizadas no marco deste convenio e que se identifican no Anexo I deste convenio. As mulleres vítimas de violencia de xénero atendidas no marco deste programa de colaboración serán as identificadas no Anexo IV.

**DÉCIMO. - GASTOS SUBVENCIONABLES**

Serán gastos subvencionables os que se realicen desde o 10 de decembro de 2016 ata o 9 de decembro de 2017 e de xeito indudable respondan á natureza da

Praza do Rei, s/n - T: 986 810 284 - F: 986 430 082
36202 Vigo - ofi.muller@vigo.org - C.I.F.: P.3605700H

actividade subvencionada, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2017 e que forma parte deste convenio como Anexo II.

A axuda do Concello de Vigo incluirá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, material funxible, xestoría, seguros, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das mediadoras, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2017. Anexo II.

**DÉCIMO PRIMEIRO.- COMPROBACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión desta, será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporarase á conta xustificativa.

**DÉCIMO SEGUNDO .- OBRIGA DE INFORMACIÓN**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**DÉCIMO TERCEIRO.- PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DA AXUDA**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**DÉCIMO CUARTO.- RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención á que se refire este convenio e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común

das Administracións Públicas.

**DÉCIMO QUINTO.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

1.- A beneficiaria está informada de que que os seus datos serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencionable, polo que a súa achega é obrigatoria.

3.- Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

**DÉCIMO SEXTO.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 15/2014 de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do orzamento municipal para o exercicio 2017 e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano por triplicado exemplar no lugar e data indicado.

| | |
|---|---|
| O ALCALDE | A PRESIDENTA<br>REDE DE MULLERES VECIÑAIS<br>CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO |
| Abel Caballero Álvarez | María Rosario Otero Rodríguez |

ANEXO I

| | |
|---|---|
| 2017 | PROGRAMA ACTIVIDADES |

# ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO

Programa cofinanciado polo Concello de Vigo: CONCELLO DE VIGO

## ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS

## PROGRAMA DE ACTIVIDADES 2017

### 1.- *A REDE DE MULLERES*

#### 1.1 <u>PRESENTACIÓN:</u>

A Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos, ten como obxectivo cubrir as demandas e necesidades que día a día plantexan as mulleres que se achegan á Asociación, polo que dende o ano 1998 traballamos na prevención e asistencia ás mulleres en situación de violencia, así como na formación en materia de violencia de xénero.

O traballo que imos desenvolvendo, sempre realizado dende unha perspectiva de xénero, enmárcase en catro <u>areas</u>:

- ***Apoio*** e ***acompañamento*** a mulleres en procesos de violencia de xénero.
- ***Reincorporación psico-social***, promovendo o benestar e a mellora da calidade de vida das mulleres, a través de proxectos que abarcan a área psicolóxica, física e social.
- A ***formación*** en materia de xénero, promovendo foros e cursos de formación.
- A ***concienciación e prevención***, difundindo os valores de igualdade entre as persoas, con especial incidencia nos centros de ensino e nas familias, fomentando a coeducación.

As mulleres son as que padecen maiores situacións de exclusión social, que unida ás agresións derivadas da violencia de xénero (físicas, psicolóxicas, sexuais, laborais, etc) dificulta o acceso aos dereitos sociais básicos como o emprego, a educación, a saúde...quedando á marxe das posibilidades de levar a cabo unha vida independente e autónoma.

Nas mulleres en procesos de violencia, ademais da exclusión derivada da súa situación tanto económica como social e familiar, tamén existen as seguintes secuelas:

- Sentimento de illamento.
- Procesos de depresión severos.

- Perda de autoconfianza, imaxe negativa de sí mesmas, impotencia para afrontar as situacións que se lles presentan, sentimentos de inseguridade ou medo á hora de abordar a súa reincorporación social e laboral.

Ante esta situación cremos fundamental o acompañamento social dende unha perspectiva de xénero realizado dende a horizontalidade que aportan as asociacións de mulleres como a Rede, intervencións sociais con persoal formado e con posicionamento crítico que fomente a autodeterminación das mulleres para que se teñan en conta as súas necesidades específicas, así como os seus tempos e problemáticas que impiden que poidan enfrontarse de maneira positiva á súa reincorporación psico-social. Dende a Rede potenciamos o seu empoderamento, a través dunha intervención por parte dos e das profesionais sen estigmas de xénero e tendo sempre en conta a súa diversidade tanto a nivel social como persoal.

As organizacións feministas e as asociacións de mulleres, temos o compromiso de traballar pola consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, contribuíndo ao desenvolvemento das políticas de xénero e diminuíndo as consecuencias da violencia, polo que cremos fundamental fortalecer o traballo que está a realizar a Rede de mulleres, xa que o acompañamento social que realizamos diminúe o illamento ao cal son sometidas as mulleres en procesos de violencia e as consecuencias da vitimización secundaria dentro das institucións.

### 1.2 A ASOCIACIÓN:

A Asociación conta cunha Xunta Directiva composta por: Presidenta, Vicepresidenta, Secretaria, Tesoureira e 5 Vocais. Reúnese tres veces ó mes. Celébrase unha Asemblea Ordinaria anual, e aquelas outras Extraordinarias que sexan necesarias.

A Rede de Mulleres contra os malos tratos forma parte do *Consello Municipal da Muller*, órgano consultivo do Concello de Vigo.

A Rede mantén encontros periódicos coas institucións públicas e privadas, ademais de con outras organizacións sociais.

Realízanse reunións dos órganos de dirección para avaliar os casos máis difíciles e problemáticos tratados na Asociación e buscar a mellor vía de solución.

Temos asinados convenios de colaboración co Concello de Vigo, para a axuda do mantenemento do servizo.

### 1.3.- *OBXECTIVOS DA REDE:*

**- OBXECTIVOS XERAIS:**

- **Eliminación da violencia:**

Un dos obxectivos primordiais da Asociación é a eliminación da violencia contra as mulleres en todos os ámbitos sociais, mediante a prevención, a concienciación e a formación de todos os axentes sociais. Minimizar os danos psicolóxicos, físicos e sociais das mulleres vítimas da violencia machista e a loita pola emancipación das mulleres a través dos feminismos.

- **Concienciación social:**

Contribuír á denuncia social dos malos tratos mediante a presenza nas manifestacións e concentracións ou o contacto regular cos medios de comunicación e ós e ás profesionais que traballan no ámbito de actuación da Rede, involucrando a toda a sociedade no noso proxecto.

- **Promover a manifestación pública contra os malos tratos:**

Conseguir a movilización social para que os casos de violencia de xénero sexan denunciados non só polas mulleres afectadas senón pola sociedade en xeral, concienciar sobre a verdadeira realidade, cómo afecta á vida diaria de todas as mulleres e cómo previla.

**OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**

- Promover a plena **recuperación psicosocial** das mulleres en situación de violencia, mediante un programa de acompañamento que posibilite a execución dos seus dereitos e a mellora da súa calidade de vida.

- Facilitar apoio profesional para **acompañalas activamente** tanto a nivel persoal (autoestima, apoio emocional , ...) como a nivel social (trámites, recursos...) para promover o seu acceso aos recursos comunitarios.

- Ofrecer un acompañamento e apoio individualizado dinamizador das **capacidades e recursos persoais e sociais** das mulleres atendidas, que permita, sempre desde a perspectiva de xénero, ir superando as dificultades que poden minar os seus procesos de recuperación.

- Desenvolvemento e **fomento da participación** en actividades relacionais, actividades de ocio e tempo libre, actividades sociais, actividades formativo-laborais, etc.

### 1.4.- INDICADORES DE AVALIACIÓN:

- Número de atencións realizadas.
- Número de acompañamentos realizados, analizando as causas da solicitude do devandito acompañamento.
- Número de derivacións e organismos aos cales se deriva, tanto a nivel interno como derivacións ao resto de servizos especializados.
- Acceso aos programas de atención psicolóxica.

## 2.- AREAS DE ACTUACIÓN E PROXECTOS A DESENVOLVER

**AREA: APOIO E ACOMPAÑAMENTO**

**PROXECTO "SORORIDADE"**

- → APOIO SOCIAL: Cooperación e información
- → ACOMPAÑAMENTO SOCIAL

**AREA: REINCORPORACIÓN PSICO-SOCIAL**

**PROXECTO "ACTIVAS"**

- → XORNADAS "ANALIZANDO A SITUACIÓN ACTUAL EN VIOLENCIA DE XÉNERO"
- → SAÍDAS DE OCIO E TEMPO LIBRE

**AREA: CONCIENCIACIÓN, PREVENCIÓN E DENUNCIA SOCIAL**

**PROXECTO "VISIBLES"**

- → CONCENTRACIÓNS MENUAIS
- → TRABALLO EN REDE
- → PRESENZA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN
- → PRESENZA NA RÚA (POSTAL-FREE)
- → PARTICIPACIÓN NO OBSERVATORIO MUNICIPAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO
- → PARTICIPACIÓN ACTIVA A TRAVÉS DO BLOG

**AREA: FORMACIÓN**

**PROXECTO "CON PERPECTIVA DE XÉNERO"**

- → OBRADOIROS NOS INSTITUTOS DE VIGO
- → FORMACIÓN EN VIOLENCIA DE XÉNERO
- → "CAMIÑOS Ó BO TRATO"
- → FORMACIÓN PERMANENTE
- → XORNADAS AMOR ROMÁNTICO E VIOLENCIA DE XÉNERO

| AREA: APOIO E ACOMPAÑAMENTO<br>PROXECTO "SORORIDADE" | |
|---|---|
| **Descrición** | Acompañamento a todos os trámites que precisen.<br><br>Orientación ás mulleres e derivación ás entidades cunha intervención máis adaptada á súa situación, ofrecendo información sobre os centros especializados para as mulleres no territorio nacional, especialmente do Concello de Vigo (Centro de Información, Centro de Emerxencia,...), así como servizos socias da área metropolitana. |
| **Finalidade** | Favorecer a reincorporación psicosocial das mulleres vítimas de violencia.<br><br>Evitar o illamento das mulleres no seu proceso de reincorporación psico-social. |
| **Obxectivos** | Facilitar o acceso ós recursos sociais, así como facilitar a xestión dos trámites legais.<br><br>Xestión individualizada de casos levando a cabo intervencións integrais adaptadas a cada situación.<br><br>Favorecer unha relación horizontal entre profesional e usuaria, fomentando a Asociación como punto de encontro e de axuda mutua entre as propias mulleres e evitar a vitimización secundaria a que se ven sometidas cando acuden as diferentes institucións. |
| **Número de mulleres destinatarias** | 150 |
| **Relación de traballadoras Imputables** | Rosa Fontaíña Pazos<br><br>Raquel Doval Carregal |
| **Importe do gasto desglosado** | - Desprazamentos: 700,00€<br>- Material funxible: 100,00€<br>- Comunicacións: 264,78€<br>- Xestoría: 273,14€<br>- Persoal: 4.372,51€<br><br>5710,43 € |

| | |
|---|---|
| Actividades | - **APOIO SOCIAL: Cooperación e información**<br><br>A partir do apoio social ofrecido pola Rede non só se poden obter importantes recursos, información e axuda, senón tamén deriva nun sentimento de pertenza e de integración con importantes implicacións para o benestar individual e social.<br><br>O apoio social ten como obxectivo a intervención integral, informando ás mulleres e cooperando co resto das institucións e asociacións para a atención integral ás mulleres.<br><br>Dentro dos beneficios do apoio social están a mellora da autoestima e da seguridade, ámbitos principais de intervención con mulleres en procesos de violencia para a consecución dos obxectivos das intervencións.<br><br>- **ACOMPAÑAMENTO SOCIAL**<br><br>Acompañamento pricincipalmente ós seguintes ámbitos:<br><br>- Trámites legais<br><br>Acompañamento ás mulleres naqueles trámites legais que precisen iniciar: avogacía, policía, xulgados, centros de saúde, etc.<br><br>- Puntos de Encontro<br><br>Servizos de acompañamento para o intercambio das e dos menores. Poden realizarse no propio punto de encontro ou nos lugares designados polas usuarias.<br><br>- Acompañamento a xuízos<br><br>Asistencia a xuízos en causas de violencia. Asistiuse como acompañantes das mulleres que o solicitaron ou das que foron derivadas por parte dos diferentes órganos institucionais. |

| | |
|---|---|
| | - Seguimento dos casos atendidos<br><br>Seguimento dos casos atendidos, mantendo contacto frecuente coas mulleres, para coñecer a súa evolución e atendelas no que precisen, así como para avaliar o funcionamento da Rede e a dos servizos recibidos nos centros de derivación.<br><br>Cada caso atendido é rexistrado cumprimentando unha ficha social, na que se recollen e tratan con carácter confidencial, os datos persoais das mulleres, a súa situación no momento da consulta, a intervención realizada polas mediadoras, os resultados obtidos e o seguimento efectuado. |

| **AREA: REINCORPORACIÓN PSICO-SOCIAL<br>PROXECTO "ACTIVAS"** | |
|---|---|
| **Descrición** | Actividades orientadas á consecución do benestar integral das mulleres e da súa participación social plena. |
| **Finalidade** | Fomentar o benestar social e persoal das mulleres, a axuda mutua e o establecemento de redes de apoio. |
| **Número de mulleres destinatarias** | 110 |
| **Relación de traballadoras Imputables** | Rosa Fontaíña Pazos<br><br>Ponentes Xornada: "Analizando a situación actual en Violencia de Xénero" |
| **Importe do gasto desglosado** | - Desprazamentos: 100,00€<br>- Material funxible: 300,00€<br>- Comunicacións: 100,00€<br>- Publicidade: 100,00€<br>- Xestoría: 381,15€<br>- Persoal: 3.312,53€<br><br>4293,68 € |

| | |
|---|---|
| Actividades | - **XORNADAS "ANALIZANDO A SITUACIÓN ACTUAL EN VIOLENCIA DE XÉNERO"**<br>Consiste nun encontro dun día de duración, cos seguintes obxectivos:<br>- Reflexionar sobre as formas da violencia de xénero.<br>- Propiciar o debate entre os colectivos que traballan no eido da violencia de xénero activos en Galicia, sobre o traballo con mulleres, metodoloxías empregadas, liñas transversais das intervencións e temas fundamentais de cara ó futuro.<br>- Instaurar a participación activa das mulleres.<br>- Fomentar o coñecemento mutuo e o traballo conxunto de organizacións de mulleres que traballan en Galicia de cara a acadar a igualdade real entre mulleres e homes e minimizar os efectos da violencia.<br>- Creación dunha rede de apoio e traballo conxunto entre os profesionais que traballan no campo da violencia: universidade, colectivos sociais, asociacións sen ánimo de lucro...<br>*As xornadas consistirán en plenarios pola mañá e obradoiros vivencias pola tarde.<br>- **SAÍDAS DE OCIO E TEMPO LIBRE:**<br>Unha porcentaxe significativa das persoas atendidas teñen dificultades para descubrir os seus propios intereses e participar do lecer. Sufriron un importante proceso de deterioro nas súas capacidades relacionais, presentando importantes carencias que en moitos casos deriva nunha situación de progresivo illamento social, provocando un descoñecemento de ofertas socio-culturais, chegando mesmo a provocar un certo nivel de automarxinación.<br>A Rede ten previstas as seguintes saídas:<br>- Saída as Illas Cíes.<br>- Saída cultural para coñecer algún sitio de interese patrimonial da provincia de Pontevedra. |

| AREA: CONCIENCIACIÓN, PREVENCIÓN E DENUNCIA SOCIAL<br>PROXECTO "VISIBLES" | |
|---|---|
| **Descrición** | Realización de diferentes actividades para visibilizar a nivel social a loita pola consecución da igualdade, as consecuencias das relacións violentas así como a denuncia pública dos casos de asasinatos. As actividades serías as seguintes. |
| **Finalidade** | Fomentar a concienciación social sobre a violencia de xénero e o sistema social machista imposto. |
| **Obxectivos** | Información xeral sobre violencia de xénero e sobre as posibles formas de abordar esta problemática.<br><br>Información sobre recursos, para que a poboación interesada poida colaborar no desenvolvemento das actuacións.<br><br>Formación especializada para todos os sectores profesionais. |
| **Número de mulleres destinatarias** | A poboación en xeral. |
| **Relación de traballadoras Imputables** | Rosa Fontaíña Pazos<br><br>Raquel Doval Carregal<br><br>Laura Cebada García |
| **Importe do gasto desglosado** | - Material funxible: 700,00€<br>- Comunicacións: 100,00€<br>- Publicidade: 300,00€<br>- Xestoría: 381,15€<br>- Persoal: 6.937,25€<br>8418,40 € |
| **Actividades** | - **Concentracións mensuais:**<br><br>Dende o ano 2000 a Rede deu un importante paso, conseguir que un día ó mes se sinta na rúa a voz das mulleres en contra da violencia de xénero. O último xoves de cada mes, a Rede convoca publicamente a súa concentración mensual no centro da cidade. Nela dáse a coñecer a realidade da violencia de xénero en todas as súas manifestacións, e denúncianse os asasinatos por malos tratos e as agresións a mulleres froito desa violencia. |

| | |
|---|---|
| | Nos últimos anos a Rede invita a colaborar, na realización e lectura do comunicado, a diferentes actrices e actores, a persoas do mundo da arte en xeral, etc. este ano convocamos ós colectivos e asociacións de mulleres para que colaborasen con nós nas concentracións realizadas o último xoves de mes, poñendo a súa voz e presenza nas mesmas.<br><br>**- Reunións e contactos con asociacións e colectivos:**<br><br>Realizouse un reparto de publicidade, trípticos e información a colectivos que teñen un contacto directo co tratamento da violencia de xénero ou onde poden acudir mulleres: Centros de Saúde, Xulgados, Escolas, etc.<br><br>**- Presenza nos medios de comunicación:**<br><br>A Asociación elabora informes de denuncia de situacións de inxustiza social, xurídica ou outras sufridas por mulleres, elaborando tamén un listado de vítimas mortais de malos tratos, onde se inclúen, non só ás mulleres asasinadas polas súas parellas ou exparellas, senón tamén ás mulleres que son asasinadas exercendo a prostitución ou as fillas e fillos asasinados polo seu proxenitor. No listado se especifican datos coma por exemplo se tiñan orde de afastamento, denuncias previas, etc.<br><br>Tamén se participa de forma periódica nos medios de comunicación, prensa, televisións e emisoras de radio, etc.<br><br>**- Realización dunha campaña postal na rúa "postalfree": "Tí cortas os fíos":**<br><br>A Rede iniciou no ano 2007 unha nova campaña, importante cara a concienciación social, onde se reparten ó longo de todo o ano, e de forma gradual e de balde, postais en lugares de gran afluencia pública e de xente nova: pubs, cafeterías, zonas de ocio e tempo libre ...<br><br>O deseño da campaña amosa unha realidade que invita á reflexión sobre a dependencia e o control exercido sobre as mulleres, ó mesmo tempo que se ofrece o enderezo e o número de teléfono da Rede. |

| | |
|---|---|
| | - **Presentación de queixas ante o Observatorio Municipal de Xénero do Concello de Vigo.**<br><br>Detección e denuncia polo tratamento mediático da imaxe das mulleres en xeral, e en casos de violencia de xénero en particular.<br><br>Ademais das sucesivas campañas de divulgación realizadas por parte das mulleres da Rede, periódicamente se convocan ós medios de comunicación e se emiten comunicados de prensa facendo campañas de concienciación.<br><br>- **BLOG**<br><br>Difusión de actividades, novas acerca da violencia de xénero, recursos e subvencións. Dirección: rededemulleres.blogspot.com<br><br>- **Participación activa:** Consello municipal da muller, 8 de marzo, día internacional das mulleres, Marcha mundial das mulleres, Participación en manifestacións e concentracións, Plataforma galega polo dereito ao aborto, relacións con outras asociacións |

| AREA: FORMACIÓN<br>PROXECTO "CON PERSPECTIVA DE XÉNERO" | |
|---|---|
| **Descrición** | Promover a formación en xénero e violencia de xénero. |
| **Finalidade** | Favorecer o coñecemento das teorías de xénero así como os procesos propios da situación de violencia de xénero. |
| **Obxectivos** | - Favorecer a adquisición de habilidades na prevención, na detección e ba intervención fronte a violencia machista.<br><br>- Facilitar os medios instrumentados e articulados que permitan lograr unha detección máis eficaz e operativa dos malos tratos inflixidos a menores, mocidade e a mulleres en xeral.<br><br>- Incorporación de modelos igualitarios e da propia valoración persoal. |

| | |
|---|---|
| | - Incrementar a potencialidade das mulleres nos procesos de toma de decisións así como na súa participación social, favorecendo cambio real na súa situación persoal.<br>- Desenvolver o bo trato e as boas prácticas. |
| **Número de persoas destinatarias** | 400 |
| **Relación de traballadoras Imputables** | Rosa Fontaíña Pazos<br>Raquel Doval Carregal<br>Laura Cebada García<br>Mª del Carmen Clavería Prada<br>Ponentes Xornadas: "Amor Romántico e Violencia de Xénero" |
| **Importe do gasto desglosado** | - Desprazamentos: 300,00€<br>- Material funxible: 1000,00€<br>- Comunicacións: 350,00€<br>- Publicidade: 900,00€<br>- Xestoría: 508,20€<br>- Seguro: 198,58€<br>-Imprevistos: 500,00€<br>- Persoal: 15.120,71€<br>18877,49 € |
| **Actividades** | - **<u>OBRADOIROS NOS INSTITUTOS DA CIDADE DE VIGO</u>** 1.069,70€<br>Dende a Rede poñemos a disposición dos institutos, colexios, etc. Un servizo de obradoiros sobre violencia de xénero, o cal o poden solicitar ó longo de todo o ano.<br>Nestes obradoiros propiciamos que a participación da xente nova sexa activa, para que poidan identificar máis doadamente que é a violencia de xénero e os seus factores de risco, como se chega a ela e as causas sociais que a provocan, ofrecéndolles ó mesmo tempo modelos igualitarios nas relacións afectivas e socias.<br>A Rede traballa para conseguir espertar a conciencia crítica e a reflexión sobre o modelo de crenzas e os roles impostos da sociedade patriarcal, co fin de que a mocidade tome parte activa na loita contra a discriminación e que, tanto as mozas como os mozos, |

comprendan que se deben trocar os papeis que a sociedade nos impón.

A través das relacións afectivas ou de amizade pódese dar exemplo do bo trato, vencendo esta problemática con pequenas accións diarias por parte de toda a sociedade. Achegamos a idea de que todas e todos formamos parte do proceso de eliminación da violencia de xénero, que as súas accións son necesarias ó igual que son necesarias políticas de igualdade dende a Administración.

Tamén colaboramos cos ciclos medio e superior de Integración social e educación infantil.

- **CURSO DE FORMACIÓN EN VIOLENCIA DE XÉNERO**

3.463,14€

A Asociación continúa cos cursos de formación de mediadoras, ampliando o número de voluntarias e ofrecendo formación continua ás mediadoras que xa pertencen á Rede.

Cada curso consta de dous módulos, na primeira fase, ofrécese información xeral sobre as actuacións en casos de malos tratos e os servizos existentes na materia, contando coa presenza de profesionais dos servizos que actúan na cidade na área dos malos tratos; e a segunda fase é impartida por unha psicóloga clínica.

- **"CAMIÑOS Ó BO TRATO"**

Concello de Vigo 2.000,00€
Deputación 6.000,00€

En colaboración co Concello de Vigo para a realización do proxecto "Camiños ó Bo Trato", que consiste en sesión formativas sobre xénero e violencia de xénero, a diferentes colectivos entre os que se atopan:

- nais/pais/titores.
- grupos profesionais.
- asociacións, vogalías, colectivos etc.
- mulleres e homes.
- mocidade.

| | |
|---|---|
| | As **temáticas** a tratar son as seguintes:<br>- Estereotipos sociais e culturais.<br>Evolución da personalidade. Identidade feminina e masculina.<br>Malos Tratos: vínculo e ciclos.<br>Persoa maltratadora perfil e estratexias de violencia.<br>Nenas/os, mozas como vítimas de violencia.<br>Detección temperá.<br><br>- **XORNADAS "AMOR ROMÁNTICO E VIOLENCIA DE XÉNERO"**<br>3.947,90€<br><br>Xornadas abertas á participación de mulleres e homes para debater sobre os roles e estereotipos que se establecen dentro das relacións afectivo-sexuais, e como os vínculos establecidos a través do amor romántico axudan a potenciar e fortalecer a violencia de xénero.<br>Obxectivos:<br>- O coñecemento por parte dos pais/nais/titores para formalos nunha educación en igualdade e que coñezan as ferramentas para intervir no caso de que as súas fillas estén nunha relación violenta.<br>- Desmontar o amor romántico enfocado cun enfoque ás persoas adultas.<br>- Analizar a transmisión de roles e estereotipos de xénero das familias ós menores.<br>- Analizar a relación entre amor romántico e violencia de xénero.<br>- Potenciar a transmisión de valores feministas dentro das relacións afectivo-sexuais.<br><br>* A xornada terá unha duración dun día, e o formato consistirá en obradoiros vivencias. |

- **FORMACIÓN PERMANENTE** 1.327,05€

O obxectivo principal é conquerir que as mediadoras posúan os coñecementos necesarios para seguir desenvolvendo habilidades que lles permitan un desempeño máis operativo das súas funcións e mellorar o proceso de contención e de comunicación psico-social coas mulleres maltratadas e co entorno. Realízase, habitualmente na Oficina Municipal de Distrito Casco Vello, é impartida por Mª del Carmen Clavería Prada.

Esta formación realízase con motivo de reciclar ás mediadoras que veñen traballando na Rede dende o seu comezo, e para intercambiar experiencias coas mediadoras novas. Actualízase a formación das voluntarias da Asociación en trámites xudiciais, policiais, de servizos sociais e de habilidades sociais no acompañamento ás mulleres.

Na formación impleméntanse técnicas mobilizantes que permiten unha aprendizaxe máis eficaz e que promove actitudes de reflexión e de concienciación.

Se se detectan procesos emerxentes, poderán ser considerados como temáticas a desenvolver noutro obradoiro, dentro do proceso de formación permanente.

As temáticas foron as seguintes:

- O compromiso das mediadoras na Asociación.
- O protocolo de funcionamento.
- A confidencialidade na intervención.
- A Identidade persoal, de xénero e como Mediadoras.
- A saúde emocional e social.
- Mobilización de recursos internos e externos.
- Aprendizaxe e concienciación das crenzas persoais.
- Promoción de condutas saudables nas relacións grupais.

- **PUNTO DE INFORMACIÓN PARA NAIS E PAIS:** 1.069,70€

A base da educación dos fillos e fillas está na familia, con todo é unha tarefa para que moi pouco ou nada se prepara aos pais e nais, presentes ou futuros.

| | |
|---|---|
| | Na nosa sociedade as familias hoxe en día enfróntanse a unha sociedade que evolucionou moi rapidamente, e con ela a familia, a mocidade, a contorna foron tamén transformados profundamente. Así pois moitas veces atopámonos con que os pais e nais non dispoñen das ferramentas para afrontar os novos retos.<br><br>Tampouco abundan actividades que permitan aos pais e nais compartir con outros as súas experiencias, medos, alegrías e dificultades de modo que ao interaccionar con outros se favoreza e mellore as relacións familiares.<br><br>O punto de información para nais/pais/titoras xurde como resposta a estas carencias e inquietudes. A información pode ser solicitada por centros docentes, organismos tales como concellos e asociacións que o desexen e as propias familias.<br><br><u>Temáticas</u> a traballar:<br><br>Educación afectivo-sexual<br>Resolución de conflitos na educación das e dos fillos.<br>Redes sociais<br>A comunicación: estratexias para entendernos mellor cos nosos/as fillos/as.<br>O desenvolvemento da personalidade na adolescencia<br>Educar para o lecer e tempo libre.<br>Potenciar a autoestima na adolescencia.<br>As normas e castigos.<br>Autoestima para pais e nais. |

# ANEXO II

## 3. ORZAMENTO DO CONVENIO CO CONCELLO DE VIGO

**GASTOS PREVISTOS**

| | |
|---|---|
| DESPRAZAMENTOS | 1.100,00 |
| MATERIAL FUNXIBLE | 2.100,00 |
| COMUNICACIÓNS | 814,78 |
| PUBLICIDADE | 1.300,00 |
| XESTORÍA | 1.543,64 |
| SEGURO | 198,58 |
| IMPREVISTOS | 500,00 |
| PERSOAL | |
| PSICÓLOGA CLÍNICA | 7.400,00 |
| COORDINACIÓN | 13.144,02 |
| 2 TÉCNICAS | 8.198,98 |
| PONENCIAS | 1.000,00 |
| **TOTAL** | 37.300,00€ |

**INGRESOS PREVISTOS**

| | |
|---|---|
| CONCELLO DE VIGO | 30.300,00 |
| INGRESOS PROPIOS | 1.000,00 |
| DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA | 6.000,00 |
| **TOTAL** | 37.300,00 |

ASOCIACIÓN REDE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO

Asdo. Mª del Rosario Otero Rodríguez
Presidenta da Rede

## ANEXO

## ACTIVIDADES REALIZADAS POLA REDE NON SUBVENCIONADAS POLO CONCELLO

**AREA: REINCORPORACIÓN PSICO-SOCIAL**

**PROXECTO "XUNTAS"**

→ ENCONTRO TERAPÉUTICO CON MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA

→ CURSOS DE AUTOESTIMA E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

### ENCONTRO TERAPÉUTICO CON MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA

Ante as necesidades das mulleres atendidas pola Rede, poñemos en marcha "Encontros terapéuticos de mulleres". Lévase a cabo todos os martes, de 18:00 a 20:30, no Centro Municipal Casco Vello, e é dirixido por Carmen Clavería Prada, psicóloga clínica.

O traballo en grupo xera unha dinámica pola cal, as participantes alivian tensións, angustias e nervios, problemas non resoltos, etc., na familia, no traballo e na realidade que lles toca vivir cada día. Este encontro é un instrumento importante para o tratamento psicolóxico das mulleres e para o fomento da axuda mutua, xa que um dos obxectivos é que as mulleres atendidas pola Rede poidan compartir as súas experiencias e mellorar as súas situacións a través da reflexión e da identificación nun grupo dirixido.

Trátase tamén de reflexionar sobre o modelo de crenzas e os roles que desempeñan a nivel doméstico e público, ó mesmo tempo que identifican os estereotipos culturais, así como facilitar o establecemento de lazos de amizade para que poidan reanudar a súa vida social.

Os resultados previstos son os seguintes:

- Identificación da violencia de xénero.
- Diminución das consecuencias da violencia.
- Maior concienciación e información.
- Transmisión de modelos sociais igualitarios.
- Valoración e respecto polo mundo emocional e un maior enfoque cara o bo trato nas relacións afectivas e sociais.
- Fomentar a saúde psicolóxica das mulleres.

- Aliviar os síntomas da violencia
- Potenciar as características persoais favorables das mulleres
- Facilitar a comprensión das propias dificultades
- Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres atendidas pola Rede.

Para acceder ó encontro a coordinadora realiza unha primeira entrevista e deriva ás mulleres á psicóloga clínica, para que realice unha valoración sobre a situación emocional das usuarias e sobre se é apropiada a súa incorporación ó encontro, para que non repercuta negativamente no desenvolvemento da actividade.

## CURSOS DE AUTOESTIMA E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

O obxectivo xeral destes obradoiros consiste en identificar o noso xeito de comunicarnos, e aprender ferramentas para mellorar a comunicación interpersoal desde as relacións en igualdade. Outros obxectivos específicos son coñecerse a unha mesma e as estratexias básicas para o axeitado manexo e control das emocións e identificar os diferentes modelos de resolución de conflitos, cuestionando os roles de xénero aprendidos.

## ÍNDICE


*1.- A REDE DE MULLERES*

- 1.1 PRESENTACIÓN
- 1.2 A ASOCIACIÓN
- 1.3 OBXECTIVOS DA REDE
- 1.4.- INDICADORES DE AVALIACIÓN

*2.- AREAS DE ACTUACIÓN E PROXECTOS A DESENVOLVER*

AREA: APOIO E ACOMPAÑAMENTO

- PROXECTO "SORORIDADE"
  - → APOIO SOCIAL: Cooperación e información
  - → ACOMPAÑAMENTO SOCIAL

AREA: REINCORPORACIÓN PSICO-SOCIAL

- PROXECTO "ACTIVAS"
  - → XORNADAS "ANALIZANDO A SITUACIÓN ACTUAL EN VIOLENCIA DE XÉNERO"
  - → SAÍDAS DE OCIO E TEMPO LIBRE

**AREA: CONCIENCIACIÓN, PREVENCIÓN E DENUNCIA SOCIAL**

**PROXECTO "VISIBLES"**

- CONCENTRACIÓNS MENUAIS
- TRABALLO EN REDE
- PRESENZA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN
- PRESENZA NA RÚA (POSTAL-FREE)
- PARTICIPACIÓN NO OBSERVATORIO MUNICIPAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO
- PARTICIPACIÓN ACTIVA A TRAVÉS DO BLOG

**AREA: FORMACIÓN**

**PROXECTO "CON PERSPECTIVA DE XÉNERO"**

- OBRADOIROS NOS INSTITUTOS DE VIGO
- FORMACIÓN EN VIOLENCIA DE XÉNERO
- "CAMIÑOS Ó BO TRATO"
- FORMACIÓN PERMANENTE
- XORNADAS AMOR ROMÁNTICO E VIOLENCIA DE XÉNERO

***3. ORZAMENTO***

***4. ANEXO: ACTIVIDADES REALIZADAS POLA REDE NON SUBVENCIONADAS POLO CONCELLO***

ANEXO II

## 3. ORZAMENTO DO CONVENIO CO CONCELLO DE VIGO

**GASTOS PREVISTOS**

| | |
|---|---|
| DESPRAZAMENTOS | 1.100,00 |
| MATERIAL FUNXIBLE | 2.100,00 |
| COMUNICACIÓNS | 814,78 |
| PUBLICIDADE | 1.300,00 |
| XESTORÍA | 1.543,64 |
| SEGURO | 198,58 |
| IMPREVISTOS | 500,00 |
| PERSOAL | |
| PSICÓLOGA CLÍNICA | 7.400,00 |
| COORDINACIÓN | 13.144,02 |
| 2 TÉCNICAS | 8.198,98 |
| PONENCIAS | 1.000,00 |
| **TOTAL** | **37.300,00€** |

**INGRESOS PREVISTOS**

| | |
|---|---|
| CONCELLO DE VIGO | 30.300,00 |
| INGRESOS PROPIOS | 1.000,00 |
| DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA | 6.000,00 |
| **TOTAL** | **37.300,00** |

Asdo. Mª del Rosario Otero Rodríguez
Presidenta da Rede

Anexo III

ASOCIACIÓN REDE
DE MULLERES VECIÑAIS
CONTRA OS MALOS TRATOS
DE VIGO
C.I.F. G-36928646

Dna **Matilde Lago Fontenla**, titular do NIF **35.920.625-F**, en calidade de secretaria da entidade Rede de Mulleres Veciñais Contra Os Malos Tratos de Vigo, con CIF G-36928646 e con enderezo en rúa Oliva, 12-2º, Vigo

**DECLARA QUE**

1º.- A Entidade non está incursa en ningunha das circunstancias que figuran no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións ou no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2º.- Á Asociación non ten concedidas, doutros Organismos, outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

En Vigo, a 20 de febreiro do ano 2017.

REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS · ASOCIACIÓN · DE VIGO

**Asdo. Matilde Lago Fontenla**
**Secretaria da Rede**

| LOGO DA ENTIDADE |
|---|

CONCELLO DE VIGO
VIGO
www.igualdadevigo.org

## ANEXO IV: FICHA MENSUAL DAS DESTINATARIAS DA ACCIÓN

XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS E O CONCELLO DE VIGO PARA O MANTEMENTO DA REDE DE MEDIADORAS NO ANO 2017

### RELACIÓN ACREDITATIVA DOS ACOMPAÑAMENTOS MENSUAIS A MULLERES V.V.X.

| DATOS PERSOAIS DA USUARIA: | | | |
|---|---|---|---|
| NOME | | APELIDOS | |
| DNI/NIE | | IDADE | ☐ Menor de 25 anos ☐ Entre 25 e 45<br>☐ Entre 46 e 54 ☐ Maior de 54 anos |
| **ACOMPAÑAMENTOS REALIZADOS NO MES DE ............................... DO ANO 2017** | | | |

Autorízase á recollida de datos de carácter persoal, así como dos datos dos acompañamentos realizados pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos, para que formen parte da memoria xustificativa desta entidade no marco do convenio financiado polo Concello de Vigo para o mantemento da rede de mediadoras que realizan os acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia de xénero no exercicio 2017.

| Nº | DATA DO ACOMPAÑAMENTO | NOME E APELIDOS DA PERSOA QUE REALIZA O ACOMPAÑAMENTO | SINATURA |
|---|---|---|---|
| 1 | | | |
| 2 | | | |
| 3 | | | |
| 4 | | | |

Sinatura da usuaria

Nome e sinatura da responsable do programa na entidade